

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*ORDE do 24 de xullo de 2023 pola que se conceden axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial para o ano 2023.*

Mediante a Orde do 24 de marzo de 2023 (DOG do 11 de abril), a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades convocou axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial para o ano 2023.

Reunida a comisión prevista no artigo 14 da citada orde, de acordo coa proposta formulada por ela e de conformidade co artigo 13 da orde de referencia,

**RESOLVO:**

Primeiro. Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás confederacións, federacións de nais e pais do alumnado e ás asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial relacionadas no anexo I.

Segundo. Excluir as ANPAS que figuran no anexo II por non ser dun centro de educación especial.

Terceiro. Para facer efectivo o pagamento das axudas, os beneficiarios presentarán electronicamente, de acordo co establecido no artigo 17 da orde de convocatoria, dirixida á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Subdirección Xeral de Centros, Servizo de Apoio Económico e Axudas ao Estudo, antes do día 31 de outubro de 2023, a seguinte documentación:

a) A xustificación dos gastos realizados, mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas e/ou nóminas e acreditación documental de que se efectuou o seu aboamento. Non se admiten recibos como xustificación dos gastos.

b) Unha declaración actualizada do anexo II publicado na Orde do 24 de marzo de 2023 (DOG do 11 de abril), pola que se convocan as axudas para o ano 2023.



Cuarto. Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 10.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, esta orde poderase recorrer potestativamente en reposición no prazo dun mes, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2023

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

#### ANEXO I

CIF	Confederación/federación/ANPA EE	Beneficiaria	Concello	Importe (€)
G15115165	Confapa (Confed. Galega ANPAS centros públ.)	Confederación	A Coruña	6.908,00
G70416557	Confederación ANPAS galegas	Confederación	Santiago de Compostela	7.080,00
G15098114	Congapa	Confederación	Ourense	3.639,00
G15042617	Federación provincial ANPAS centros públicos-Fapa Coruña	Federación provincial	A Coruña	3.887,00
G70366588	Federación centros públicos A Costa da Morte	Federación provincial	Carballo	1.935,00
G27019140	Fapacel Federación provincial ANPAS centros públicos	Federación provincial	Lugo	2.575,00
G27043389	FAPA Lugo	Federación provincial	Lugo	1.279,00
G32009037	Federación provincial ANPAS centros públicos As Burgas	Federación provincial	Ourense	2.607,00
G32025538	Federación ANPAS centros privados e concertados	Federación provincial	Ourense	1.247,00
G94202843	FEAPA Pontevedra	Federación provincial	Vilagarcía de Arousa	1.311,00
G36020311	Federación provincial ANPAS centros públicos-FANPA	Federación provincial	Pontevedra	3.919,00
G70222195	Federación centros públicos Compostela	Federación provincial	Santiago de Compostela	2.079,00
G15543242	Federación ANPAS Ferrol e comarca	Federación comarcal	Ferrol	1.179,00
V36822682	Federación de ANPAS do Val Miñor	Federación comarcal	Gondomar	1.195,00



CIF	Confederación/federación/ANPA EE	Beneficiaria	Concello	Importe (€)
G36743946	Foanpas Federación ANPAS Olívica	Federación comarcal	Vigo	2.107,00
G36412039	FANPO Federación de ANPAS O Condado-Paradanta	Federación comarcal	Ponteareas	1.195,00
G72449150	Fafade Federación de Asociacións de familias do alumnado do Deza	Federación comarcal	Lalín	971,00
G44769743	Federación de ANPAS de Redondela	Federación comarcal	Redondela	1.131,00
G36581841	Fesanpas Federación Estradense de Asociacións de nais e pais de alumnos	Federación comarcal	A Estrada	1.067,00
G70593991	ANPA CEE Ntra. Sra. de Lourdes	ANPA EE	A Coruña	810,00
G15747678	ANPA CEE Amicos	ANPA EE	Ribeira	810,00
G15456908	ANPA A Barcia	ANPA EE	Santiago de Compostela	810,00
G15874290	ANPA Colegio Duques de Lugo	ANPA EE	Santiago de Compostela	810,00
G15412026	ANPA CEE Terra de Ferrol	ANPA EE	Ferrol	810,00
G27159425	ANPA CEE Santa María	ANPA EE	Lugo	810,00
G32022774	ANPA CEE Miño	ANPA EE	Ourense	810,00
G32202798	ANPA CEE O Pino	ANPA EE	Ourense	810,00
V36130169	ANPA CEE Joaquina Sobrino	ANPA EE	A Guarda	810,00
G36753895	ANPA La Ilusión del Val Miñor	ANPA EE	Nigrán	810,00
G36152262	ANPA CEE Santísimo Cristo del Amor Aceesca	ANPA EE	O Porriño	810,00
G36180768	ANPA CEE Juan XIII	ANPA EE	Pontevedra	810,00
G36630614	ANPA CEE A Menela	ANPA EE	Vigo	810,00
G36812063	ANPA CEE Saladino Cortizo	ANPA EE	Vigo	810,00
G36024941	ANPA CEE Os Mecos	ANPA EE	Vilagarcía de Arousa	810,00
G36131027	ANPA CEE Vilagarcía de Arousa	ANPA EE	Vilagarcía de Arousa	810,00

## ANEXO II

Nome da ANPA	Concello	Causa de exclusión
ANPA Río de Va	Fene	Non ser ANPA de educación especial
ANPA SJ Emiliano Colegio Padres Somascos	A Guarda	Non ser ANPA de educación especial
ANPA Colexio A Encarnación	Caldas de Reis	Non ser ANPA de educación especial
ANPA Araes	Moaña	Non ser ANPA de educación especial

